



Reflexións de Alberto Fuentes
sobre a situación actual e
as perspectivas de futuro dos
programas de OE e EO

Traballando polo futuro!!
Obradoiro da Estrada

Bancos do Tempo: Dar, recibir e
compartir o tempo

Editorial

A nova Unidade de Promoción e Desenvolvemento 2008-2010 da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

Tribuna

I+D+i fronte á crise. Entrevista a José Manuel Cajide
Xerente da Fundación Innovapyme Galicia

Escolas Abertas

Obradoiros de Emprego e Escolas Obradoiros na provincia de Pontevedra
Reflexións sobre a situación actual e perspectivas de futuro
dos programas de OE e EO. Entrevista a Alberto Fuentes
Análisis dos programas de OE e EO. Roberto Martínez Formoso AEDL do Concello de Baiona

Obraquedobra

Análise e perspectiva do alumnado. Entrevista a alumnos do obradoiro Nigrán II
Traballando polo futuro!!!. Obradoiro da Estrada

Apuntamentos

Iniciativas empresariais innovadoras: Tecnoloxía e respecto polo medio ambiente
Bancos do Tempo: Dar, recibir e compartir o tempo

Edita

Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo
Unidade de Promoción e Desenvolvemento

Dirección

Pedro Fírvida Diz

Equipo editorial

Elvira Baltar Mosquera
Ana Pastor Gómez
José A. Méndez Pardo
Manuel Vidal Estévez
Beatriz R. Iñarrea
Yolanda Fernández Alonso
Mabi Rodríguez Míguez

Colaboracións neste número

José Manuel Cajide
Alberto Fuentes
Roberto Martínez Formoso
Alumnado e equipo directivo e docente da EO Nigrán II
M^a del Carmen Vidal Paz
Patricia Osuna
Verónica Dasilva Lijo
Alejandra Graña González
Esther González Gómez

Unidade de Promoción e Desenvolvemento
Vía da Hispanidade, 17 - 36203 Vigo
T 986 42 33 66 · F 986 47 14 44
e-mail: updvigo@maiv.org · www.maiv.org

Depósito Legal

VG-129-2001

Imprime

Tórculo

Landra é unha publicación que respecta a liberdade de expresión. A UPD non comparte necesariamente a opinión das persoas colaboradoras.

A nova Unidade de Promoción e Desenvolvemento 2008-2010 da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

Desde o pasado 22 de decembro de 2008 e ata o 21 de decembro do 2010, a Mancomunidade de Vigo conta cun novo proxecto de UPD, que é o sexto que xestiona a entidade promotora e que se centrará no desenvolvemento de actividades para promover o emprego e a formación na Área Intermunicipal da Mancomunidade de Vigo e no resto da provincia de Pontevedra.

As unidades de promoción e desenvolvemento configúranse como módulos de intervención en ámbitos territoriais de carácter supramunicipal que colaborarán na preparación, acompañamento e avaliación dos proxectos de escolas obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego, descubrindo as potencialidades de desenvolvemento e emprego, elaborando plans integrais de intervención destes programas e de proxectos de desenvolvemento fomentando a inserción laboral das persoas participantes en ditos proxectos.

A Unidade de Promoción e Desenvolvemento (UPD 2008-2010), proxecto promovido pola Mancomunidade de Vigo e cofinanciada pola Consellería de Traballo e Benestar e o Fondo Social Europeo, terá como finalidade primordial promover a execución de proxectos innovadores acordes coas necesidades territoriais, económicas e sociais do territorio favorecendo un desenvolvemento sostible e equitativo e mellorando as posibilidades de inserción das persoas desempregadas, centrando a súa actividade en torno a dous ámbitos:

Por unha banda, dando resposta ás necesidades existentes para mellorar a planificación en materia de emprego, fomentar a inserción laboral e mellorar a empregabilidade da poboación, no apoio ás entidades promotoras e aos proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego da provincia de Pontevedra.

Por outra banda, e de forma xeral, no apoio á Mancomunidade de Vigo na execución da súa estratexia de favorecer un desenvolvemento sostible e garantir un equilibrio territorial favorecendo a cohesión económica e social entre a súa poboación.

A partir de aquí os seus obxectivos serán: investigar as oportunidades de desenvolvemento e emprego do territorio por medio dunha axeitada prospección e avaliación dos seus recursos dispoñibles e do uso de métodos e sistemas que permitan planificar iniciativas viables, sostidas e innovadoras, colaborar co persoal técnico e axentes de emprego e desenvolvemento local de cara a deseñar e por en práctica estratexias relacionadas cos novos xacementos de emprego, iniciativas de desenvolvemento local e de escolas obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego, dinamizar e apoiar aos proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego cooperando cos AEDLs e os equipos directivos e docentes dos proxectos para mellorar o desenvolvemento das súas tarefas e funcións, proporcionándolles metodoloxías, formación e recursos, desenvolver estratexias e metodoloxías de apoio dirixidas á inserción laboral por conta allea, á creación de iniciativas empresariais e ao autoemprego dos colectivos de desempregados e, especialmente, dos partici-

pantes en escolas obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego e outros programas de cooperación, avaliar os proxectos executados a través do ofrecemento de metodoloxías e ferramentas para acadar este fin e facilitar e difundir información sobre o emprego e o desenvolvemento local, a través da súa organización, sistematización e divulgación entre os AEDLs, as escolas obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego e as entidades interesadas no desenvolvemento local e na creación de emprego.

A nova UPD 2008-2010 consta de tres áreas de traballo, área de investigación, área de proxectos e área de información.

O novo equipo da UPD ofrece a súa dispoñibilidade e traballará para facer posible nos próximos dous anos os proxectos que se desenvolvan durante este período de cara a mellorar e potenciar o desenvolvemento económico e social do territorio que promove a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo en especial e da provincia de Pontevedra e resto do territorio galego en xeral, contando co apoio da Consellería de Traballo e Benestar e do Fondo Social Europeo. A través da web www.maiv.org/upd pódese acceder ao material e servizos da UPD.

I+D+i FRONTE Á CRISE

Entrevista a José Manuel Cajide
Xerente da Fundación Innovapyme Galicia



José Manuel Cajide
Xerente de Innovapyme Galicia

Cal é a orixe e como xorde a Fundación? Cales son os seus principais obxectivos?

A idea da Fundación xurdiu aproximadamente no ano 2006, foi un proxecto que naceu na Confederación de Empresarios de Pontevedra para tratar de crear unha entidade que fose capaz de apoiar á pequena e mediana empresa, que normalmente está máis abandonada ou ten menos recursos ao redor dela, e tratar de levala aos procesos competitivos baseados en innovación. Para este proxecto sumouse a administración, neste caso á Consellería de Innovación e Industria, a través da Dirección Xeral de I+D+i, Caixanova e os tres centros tecnolóxicos por excelencia que temos en Galicia, AIMEN, ANFACO-CE-COPESCA e CTAG. Tamén participan tres asociacións máis pequenas como son EGANET, Empresas Galegas Adicadas

a Internet, AEMPE, Asociación da Pequena e Mediana Empresa de Pontevedra, e ASEINPO, Asociación Provincial de Servizos e Medios Informáticos.

O principal obxectivo que ten é mobilizar o tecido empresarial galego para trasladalo a metodoloxías de xes-

programas tractores que ofrezan *chave en man* ás empresas para intentar buscar unha solución que realmente sexa completa ao que eles necesitan. O Tren da Innovación consta de seis programas, cada programa ten un obxectivo moi claro, aquelas empresas que descoñezan que é a Innovación e queiran sabelo, poden participar no *Pro-*

grama Innicia, este é un programa no que xa participaron máis de 24 empresas no ano 2007 e 2008, xerando máis de 7 millóns de euros de investimento privado en materia de I+D. Despois temos outro programa, *Innecia*, que o que busca é apoiar ás empresas

Un dos principais obxectivos que ten é, mobilizar o tecido empresarial galego para trasladalo a metodoloxías de xestión da innovación como vantaxe competitiva nos mercados de hoxe en día

tión da innovación como vantaxe competitiva nos mercados. Para que nos deamos conta, as economías nas que estamos traballando hoxe en día, son economías bastante saturadas, onde o nivel competitivo é moi alto e onde a diferenciación ten que ser cada vez maior e ser capaz de transmitila, aí é onde reside o maior valor do concepto de innovación. Iso é o que estamos tratando de levar ás empresas.

Que programas desenvolve? En que consiste cada un deles?

Como novidade neste ano 2009 lanzamos recentemente o Tren da Innovación que ten como obxectivo básico por cara ao concepto de innovación a través dunha serie de

nos seus procesos de diversificación, é dicir, analizar o atractivo de determinados mercados e tomar a decisión de lanzar un novo produto a ese mercado ou analizar os que ten, adaptando determinados atributos. Tamén temos, sen esquecer a eficiencia de operacións, o *Programa Innoprotec*, no que os centros Tecnolóxicos mediante auditorías de operacións e tecnolóxicas achegan a súa *know how* para optimizar as áreas de produción, lóxística, calidade, medioambiente e enerxía. O *Programa InnoFiscal I+D+i*, é para aquelas empresas que invistan en I+D+i, que desde un punto de vista fiscal teñen dereito a deducións, do mesmo xeito que compramos unha casa cunha hipoteca e anualmente desgravamos a facenda na declaración da renda, coa execución de accións

de I+D+i sucede algo parecido para as empresas, poden deducir fiscalmente o diñeiro que invisten nos proxectos, podendo recuperar, aproximadamente ata un 33% do investimento inicial, polo que estamos falando de cantidades moi interesantes de cara ás empresas. Outro programa é o *Programa Innoemprende*, que está máis orientado a empresas de recente creación. Axuda ás empresas a enfocar o seu portfolio de produtos e servizos, é dicir, adaptar ese portfolio de produtos e servizos para que realmente sexa innovador fronte á competencia actual que teñen e a partir de aí, desa redefinición, tratar de garantir a súa supervivencia e reducir, obviamente, a mortalidade deste tipo de empresas. Para rematar, a úl-

comúns, que se concreten en accións mediante a execución de proxectos de innovación, xerando unha cultura de obxectivos comúns. Para iso deseñamos o *Programa Innoasociación*.

Todo isto é un resumo, a grandes liñas, dos proxectos que ten a Fundación.

Cales foron as claves para que a última convocatoria tivese unha acollida tan boa por parte das empresas?

Eu penso que o éxito da convocatoria débese, sobre todo, ao mostrar a innovación como algo tanxible, non como ata agora que as empresas non sabían moi ben que re-

sultado concreto ían obter ao participar en programas que impulsasen a innovación. A través destes programas, o que buscamos son accións nas empresas a partir dos seus proxectos, das súas ideas ou das súas inquietudes, e a partir de aí vinculámolas aos Centros Tecnolóxicos, grupos de Universi-

dade, ou organismos intermedios, eu creo que é aí onde reside o éxito do programa xa que o empresario aprecia os beneficios reais de participar neles.

Cantas empresas e de que sectores poden acollerse a esta iniciativa?

O número de empresas que se poden acoller ao proxecto en 2009 son 123 e de calquera sector de actividade.

O noso tecido produtivo está formado en gran medida por pequenas e medianas empresas que, en moitos casos, non poden abordar investimentos de forma independente

tima liña estratéxica é precisamente a que vén definida pola palabra “cooperación”. A innovación, pola súa natureza, é un proceso colectivo de motivación e participación que implica o compromiso de todos para conseguir éxito. O noso tecido produtivo está formado en gran medida por pequenas e medianas empresas que, en moitos casos, non poden abordar investimentos de forma independente. A solución é o impulso de visións estratéxicas

Aquelas empresas que estean interesadas poden contactar a través da Fundación InnovaPyme Galicia (www.innovapymegalicia.es).

Que vantaxes ofrecen os centros tecnolóxicos? Vanse a crear colaboracións con algún outro centro tecnolóxico?

As principais vantaxes que teñen as empresas á hora de colaborar cos Centros Tecnolóxicos radica no perfil medio do tecido que temos en Galicia, estamos falando en máis do 99% dos casos, de empresas de menos de 14 empregados. Iso quere dicir, que dispor de recursos de alto nivel ou altamente cualificados

nas súas empresas supón un sobre custo moi importante que moitas veces non é sostible. Pero isto non quere dicir que este perfil de empresas non poidan levar adiante determinados desenvolvementos, ou determinadas ideas, apoiándose en axentes externos, e é aquí onde a colaboración Centro Tecnolóxico Empresa pode ter os seus froitos, é dicir, o Centro Tecnolóxico pode apoiar a realización de determinados proxectos en empresas PEMES mediante a incorporación temporal de recursos para a realización deses proxectos. A Fundación leva aproximadamente funcionando uns dous anos, nos cales traballamos con 55 empresas. Nestes momentos estamos nunha fase de asentamento, é dicir, traballando para que se nos recoñeza como entidade que impulsa a innovación dunha forma obxectiva e de valor de cara aos empresa-

rios e que unha vez se produza esa situación, eu creo que si que podemos empezar a falar de que outros Centros Tecnolóxicos poidan empezar a colaborar connosco.

De momento apostamos por este modelo, estamos validando o que realmente funciona, e se definitivamente, logo deste ano, consideramos que funciona, abrírase un pouco o Padroado. Agora mesmo estamos traballando cos 3 Centros Tecnolóxicos por excelencia en Galicia, AIMEN,

O número de empresas que se poden acoller ao proxecto en 2009 son 123 e de calquera sector de actividade

que é a Asociación de Investigación Metalúrxica do Noroeste, CTAG, que é o Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia, e ANFACO-CECOPECA, que é o Centro Tecnolóxico Nacional de Conservación de Produtos de Pesca.

Como afecta a crise á creatividade das empresas? É un bo momento para investir en I+D+I? Canto se tarda en recuperar o investimento?

O tema da crise afecta en que como o mercado contraeuse, aquelas empresas que tiñan un nivel de endebedamento moi alto non son capaces de soste as letras xa que os fluxos de caixa que estaban estimados non se van a cumprir. O que queda é que aqueles empresarios que minimamente teñan capacidade, xestionen por unha

banda o que é a crise, e por outra banda o que é o futuro, para que no momento no que esta crise remate e o mercado volva a repuntar, teñan a súa empresa preparada para ser máis competitivos que o resto, e é aquí onde poden buscar o apoio dos *Programas de Tecnoinnovación*. Tamén recordemos que estas situacións reducen moitísimo a carga de traballo e hai persoal que se pode encargar de buscar esas eficiencias para a empresa.

Respecto a canto se tarda en recuperar o investimento nos programas que levamos executados ata agora nas empresas hai unha serie de indicadores clave, o tempo medio que tarda unha empresa en implementar un proxecto é ao redor dun ano e uns sete meses, falamos dunha PEME, e o retorno de investimento prodúcese aproximadamente nos tres anos seguintes, é dicir, que máis ou menos unha empresa xa empeza a ter fluxos de caixa do seu proxecto a principios do segundo ano e tarda en recuperalo un ano máis aproximadamente.

Que posibilidades de mercado teñen as empresas galegas no exterior?

Eu creo que esta crise, precisamente, o que vai demostrar é que aquelas empresas que sexan capaces de internacionalizarse, son as que mellor o van a superar, aquelas empresas que estean traballando moi localmente, practicamente a nivel rexional, vano a ter moi difícil, eu nas últimas conversacións que tiven con xerentes a través da actividade que temos na Fundación, precisamente de-

tectei isto, é dicir, aquelas empresas que están traballando fora de España, ou noutras comunidades, pero máis sobre todo fora de España, estanse sostendo, aquelas empresas que traballaban moi localmente dende fai moitísimos anos, este período da crise afectalles moitísimo ata pór en risco realmente a súa existencia como empresa.



Mapa da provincia de Pontevedra
coa localización das Escolas Obradoiro
e Obradoiros de Emprego

Obradoiros de Emprego e Escolas obradoiro da provincia de Pontevedra

E.O. MAR DE VIGO IV

Estrada do Vao, 151- Coruxo - 36331-Vigo

T 986 462 090 - Fax 986 462 961

mardevigo@vigo.org

ENTIDADE PROMOTORA: CONCELLO DE VIGO

ESPECIALIDADES

Actividades náuticas

Carpintaría de riveira

Construcción naval en madeira

Nº DE ALUMNOS: 40

DURACIÓN: Do 28-12-07 ao 27-06-09

DIRECTOR: Henrique Otero Barberana

E.O. CONCELLO VILAGARCIA VI

Avda. Agustín Romero, 52

36600 - Vilagarcía de Arousa

T 986 504 759 - F 986 509 221

escolaobradoiro@vilagarcia.es

ENTIDADE PROMOTORA: CONCELLO DE VILAGARCIA

ESPECIALIDADES

Albanelaría

Carpintaría

Electricidade

Fontanaría - solar - térmica

Nº DE ALUMNOS: 40

DURACIÓN: Do 01-07-08 ao 30-12-2009

DIRECTORA: Dolores Piñeiro Rey

E.O. VIGOZOO

Praza dos Leóns, 1 Mouta - Teis - 36316 - Vigo

T 986 267 783 - F 986 267 783

escolavigozoo@gmail.com

ENTIDADE PROMOTORA: CONCELLO DE VIGO

ESPECIALIDADES

Albanelaría

Carpintaría metálica-PVC

Xardinaría

Nº DE ALUMNOS: 30

DURACIÓN: Do 29-12-08 ao 28-06-10

DIRECTORA: Beatriz Esteban Aguirre

OE LALIN SOCIAL

Pol. Lalín 2000. Parcela E-3 36500 - Lalín

T 986 794 134 - F 986 794 098

direccion.obradoiro@lalin.org

ENTIDADE PROMOTORA: CONCELLO DE LALIN

ESPECIALIDADES

Mantenemento e reparación de edificios

Coidado de maiores e dependentes

Nº DE ALUMNOS: 30

DURACIÓN: Do 30-06-08 ao 29-06-09

DIRECTORA: Elena Cuiña Pérez

OE SANTIAGO APOSTOL

Outeiro, 12 B - Perdecanaí - 36194 - Barro

T 986 711 190 - F 986 711 190

obradoiro@oesantiagoapostol.e.telefonica.net

ENTIDADE PROMOTORA: CONCELLO DE BARRO

ESPECIALIDADES

Albanelaría

Cantería

Carpintaría

Electricidade

Xardinaría

Nº DE ALUMNOS: 30

DURACIÓN: Do 30-06-08 ao 29-06-09

DIRECTORA: Rafael Pérez Castuera

OE ESTRADA VI

Lugar Figueroa de Arriba, 29

T 986 573 336 - 606 670 973 - F 986 573 336

obradoiro@aestrada.com

ENTIDADE PROMOTORA: CONCELLO DE A ESTRADA

ESPECIALIDADES

Albanelaría

Carpintaría

Electricidade - Fontanaría - Solar térmica

Nº DE ALUMNOS: 38

DURACIÓN: Do 30-06-08 ao 29-06-09

DIRECTORA: Mª del Carmen Vidal Paz

OE NIGRAN II

Paradelas, 15 - 36350 - Nigrán

T/F 986 365 788

o.e.nigran@gmail.com

ENTIDADE PROMOTORA: CONCELLO DE NIGRAN

ESPECIALIDADES

Albanelaría

Carpintaría

Electricidade

Fontanaría solar térmica

Nº DE ALUMNOS: 36

DURACIÓN: Do 30-06-08 ao 29-06-09

DIRECTOR: Jose Luis Abraira Arias

OE HOSTALARIA DO SALNES

Centro de vacacions A Lanzada

Estrada de San Vicente s/n

36980 O Grove

T/F 986 738 482

eohostaleriadosalnes@hotmail.com

ENTIDADE PROMOTORA: MANCOMUNIDADE DO SALNES

ESPECIALIDADES

Cociña

Camareiro restaurante - Bar

Camareiro planta - limpeza - plancha

Nº DE ALUMNOS: 40

DURACIÓN: Do 01-07-08 ao 30-06-09

DIRECTOR: Javier Saso Vías

OE TELLEIRAS

Camba Santa Mariña, nº 7 - 36630 Cambados

T/F 986 520 006

obradoiro@cambados.es

ENTIDADE PROMOTORA: CONCELLO DE CAMBADOS

ESPECIALIDADES

Albanelaría

Cantería

Carpintaría

Xardinaría - Medio Ambiente

Nº DE ALUMNOS: 40

DURACIÓN: Do 01-07-08 ao 30-06-09

DIRECTOR: Enrique Ferreiro Gómez

OE MACEIRAS

Pousadouro, 101 - 36818 Redondela

T/F 986 405 076

oemaceiras@hotmail.com

ENTIDADE PROMOTORA: CONCELLO DE REDONDELA

ESPECIALIDADES

Albanelaría

Carpintaría

Traballo Forestal

Nº DE ALUMNOS: 25

DURACIÓN: Do 29-12-08 ao 28-12-09

DIRECTORA: Purificación Ferro Varela

O.E PONTE DA PEDRA I

Centro Cultural, Rua Xeral s/n

36570 Bandeira Silleda

T 986 58 00 00 - F 986 58 10 21

pf@silleda..org

ENTIDADE PROMOTORA: CONCELLO DE SILLEDA

ESPECIALIDADES

Traballo forestal

Cantería

Carpintaría

Nº DE ALUMNOS: 25

DURACIÓN: Do 29-12-08 ao 28-12-09

DIRECTOR: Ignacio Ramón Taboada Suárez

O.E PONTE DA TAMUXE

R/ A Mata, 32 - 36770 O Rosal

T/F 986 626 115

oepontedotamuxe@concelldorosol.es

ENTIDADE PROMOTORA: CONCELLO DO ROSAL

ESPECIALIDADES

Traballo forestal / Xardinaría

Albanelaría

Nº DE ALUMNOS: 25

DURACIÓN: Do 29-12-08 ao 28-12-09

DIRECTORA: Paloma Lambas Cid

O.E. UNION DEL PORVENIR

Avda. Pio Troncoso, s/n- Goian - 36750 Tomiño

T 986 620 361 - 986 621 420 - F 986 621 328

uniondelporvenir@gmail.com

ENTIDADE PROMOTORA: CONCELLO DE TOMIÑO

ESPECIALIDADES

Albanelaría

Carpintaría

Nº DE ALUMNOS: 25

DURACIÓN: Do 29-12-08 ao 28-12-09

DIRECTOR: Daniel Paz Antón

Reflexións sobre a situación actual e perspectivas de futuro dos programas de OE e EO

Alberto Fuentes



Alberto Fuentes

Os programas xurdiron en 1985 e tiñan a vantaxe de unir a formación profesional promovendo o desenvolvemento local a través da realización de obras públicas. En Galicia están funcionando ao redor de setenta proxectos por ano cunha importante redución no número de alumnos nas derradeiras convocatorias, o que nos preocupa no aspecto formativo, xa que se reduce de maneira importante a partida correspondente a persoal directivo, docente e de apoio.

A vantaxe que teñen estes programas é a súa capacidade de adaptación ao ser formación profesional non regrada, polo tanto cando xurde un xacemento ou oportunidade de emprego nun determinado territorio, as que a formación regrada non da resposta, as escolas e obradoiros

poden atender as necesidades de persoal nun relativo curto espazo de tempo e dunha maneira mais áxil.

Respecto aos custos destes programas, pódese afirmar que desde o punto de vista social non son programas caros, pero desde o punto de vista económico deberíamos comparalos con outros sistemas formativos. Respecto a ensinanza universitaria,

pensamos que, se o obxectivo é a creación de emprego, as EO e OE saen mellor paradas e son programas mais baratos. Si as comparamos coa ESO as diferen-

zas tamén son importantes, naquela o nivel de fracaso continúa sendo importante e en termos monetarios son mais caros. Nas EO e OE os resultados son mais satisfactorios, xa que na maioría dos casos por moi deteriorado que chegue o persoal sempre se lle promociona, o mais valioso destes proxectos é precisamente o que non se ve, e é que supoñen en moitos casos un trampolín de desenvolvemento profesional para persoas que estaban tocando fondo.

Investir en educación nunca sae caro, o que non gastemos en educación vaise acabar investindo en centros penitenciarios,

centros psiquiátricos, mais policía, por danos materiais, vandalismo... No caso dos maiores de vintecinco, en moitos casos estamos formando a xente que ten algunha aportación pública, polo tanto hai que intentar que con-

tribúa co seu traballo e coa súa formación o custe social que supón o subsidio. Neste senso, deberíamos intentar optimizar a selección de persoal, xa que nalgúns casos os beneficiarios dos proxectos carecen tanto de necesidade como de interese por mellorar tanto no aspecto da súa formación como da súa empregabilidade.

A vantaxe que teñen estes programas é a súa capacidade de adaptación ao ser formación profesional non regrada

Observado desde calquera perspectiva non pensamos que sexa un programa caro.

Outro tema que nos preocupa é, a meu xuízo, a necesidade de volver ao inicio dos proxectos e refundir escolas e obradoiros por varios motivos: primeiro, a entidade promotora enfróntase a dúas bolsas de paro: menores de 25 e maiores de 25, de maneira que non pode abordar proporcionalmente ese desemprego porque ou da solución a uns ou a outros. A veces altéranse os proxectos,

pero penso que sería mellor retornar aos orixes do programa e xuntar de novo aos beneficiarios. En segundo termo as diferenzas salariais entre as

EO e os OE a veces é inxusta cando se unen os marxes de idade e as responsabilidades familiares son similares, ademais tendo en conta que as esixencias dos proxectos son as mesmas. En terceiro lugar as empresas non esta-

Investir en educación nunca sae caro

blecen esta distinción o que a fai tamén artificial, xa que fora destes proxectos non existe.

Incidindo neste tema e tomando como referencia a antiga mestría industrial, favorecer a biodiversidade entre xoves e xente mais madura é positivo xa que, ao marxe

mercado para os que están traballando no sector e os concellos da comarca sacan quince persoas mais formadas na mesma especialidade. E por contra, non estamos sendo conscientes doutros campos, como o dos servizos no que hai demanda e para os que non hai persoal formado.

As escolas e obradoiros poden atender as necesidades de persoal nun relativo curto espazo de tempo e dunha maneira mais áxil

do aprendizaxe, no que o que mais sabe ensina ao mais novo, a nivel madurativo tamén inflúe dado que, a dinámica do grupo é distinta establecéndose lazos de amizade, colaboración e sinerxías entre xente de dezaioito e de cincuenta que me parece mais rico e motivador. Desde esta perspectiva, pensamos que un cambio normativo para refundir ambos programas nun so, sería unha boa idea.

Respecto as familias profesionais, estou totalmente de acordo co apuntado por Daniel Paz no seu artigo do número anterior xa que ao ser as entidades promotoras as que marcan os proxectos, centrándose en obras, coa situación actual de crise no sector da construción a inserción complicase moito. Non podemos seguir formando a xente para o sector da construción e moito menos facernos a competencia entre concellos limítrofes tendo as mesmas especialidades en todos os proxectos. Non hai

Outra contradición é o exceso de obxectivos que se establecen nos proxectos: traballamos en alfabetización, educación secundaria obrigatoria, orientación laboral e xestión empresarial, iniciación a informática, sensibili-

zación ambiental, igualdade de oportunidades, prevención de riscos, aprendizaxe eficaz dun oficio e por enriba acabar dentro do prazo as obras determinadas. Todo isto implica a busca dun equilibrio moi complicado de atopar xa que, dunha ou doutra maneira sempre vai a haber unha parte que se vai resentir e é moi difícil ser excelentes en todos estes campos de actuación.

Os proxectos de EO e OE soen traballar con colectivos de persoas que fallan noutros programas formativos ou da vida persoal como son a ESO, a FP, os que teñen problemas familiares, etc. Son persoas que chegan a programas de emprego cando en realidade serían destinatarias de outras áreas polos seus perfiles, pero como estamos facendo duns programas extremadamente solidarios, recalan aquí. Para poder ser realmente efectivos habería que analizar pormenorizadamente as familias profesionais e centrarse nos servizos, minimizando factores como a mo-

bilidade xeográfica, xa que pretendemos que os beneficiarios se afinquen no territorio, sobre todo no rural, para que non se nos despoboe.

Por outra banda, os proxectos deberían recalar naquelas zonas onde hai mais desemprego, e ¿cales soen ser?, pois as que non teñen nin tecido em-

presarial nin industrial, pedíndolle ao programas que inserten onde o mercado está baldío. Aquí tamén estamos fallando, somos moi solidarios pero non suficientemente eficaces, e debemos buscar esa eficiencia.

Para rematar, como cuestión de importancia para os que traballamos neste sector, gustárame dar a miña opinión sobre si hai vida mais alá do 2013 e a resposta é que debe habela xa que mentres traballemos con xente que abandona o sistema educativo e produtivo, hai unha obriga moral de continuar con estes proxectos. Nunha situación como a actual de crise económica na que a empresa privada non crea emprego é a propia administración a que ten que traballar para crear postos de traballo e así evitar a marxinación. Si pensamos nos fondos precisos para poder dar continuidade aos proxectos, penso que tanto dos cursos FIP como da formación continua deberían sacarse partidas, por razóns de eficiencia nos seus obxectivos, que posibiliten a continuidade destes proxectos de EO e OE. Así mesmo, a formación profesional regrada tampouco está dando resultados, salvo naquelas profe-

sións demandadas polo mercado e a isto hai que unirille os altos custos que ten. Todo isto faime ser optimista e pensar que os poderes públicos teñen a obriga de dar formación e emprego aos desempregados e mais se os índices de paro son altos. Eu penso que cada programa ten

Non estamos sendo conscientes
doutros campos, como o dos servizos
no que hai demanda e para os que non
hai persoal formado

que gañarse a súa continuidade e si estes programas levan traballando vintecatro anos de maneira eficaz, haberá que buscar financiamento para que continúen a partir de 2013.



Roberto Martínez Formoso

Análisis dos programas de OE e EO

Roberto Martínez Formoso
AEDL do Concello de Baiona

Detecta nas derradeiras datas un maior número de persoas interesadas nos programas de formación e emprego?

Si, desde logo, desde que estamos en situación de crise económica o incremento de persoas interesadas en ditos programas incrementouse de maneira importante respecto á de anos anteriores. Neste senso é significativo o número de persoas que no sector da construción e da automoción cunha experiencia laboral de máis de 10 anos, ben como oficiais de primeira ou como peóns cualificados, demandan información dos programas de emprego e de formación co fin de reciclarse.

Cal é o perfil das persoas que demandan formación nas EO/OE, no seu concello?

O perfil de persoas que demandan formación nas EO/OE é fundamentalmente o de mulleres maiores de 30 anos, cunha formación académica de graduado en ESO, gra-

duado escolar ou simplemente certificado de estudos primarios.

Qué tipo de especialidade é a máis demandada polos interesados?

As especialidades máis demandadas son as de traballador forestal e as de atención sociosanitaria a persoas en domicilio.

Qué especialidades son as que mellor poden encaixar a seu xuízo, dentro do seu concello neste momento?

Aquelas especialidades de sectores afastados da construción, fundamentalmente sectores de servizos e lecer; como son os servizos a terceira idade e aquelas especialidades relacionadas co sector turístico fundamentalmente no ámbito de dinamización de actividades turísticas.

Tamén sería interesante o desenvolvemento dalgunha especialidade relacionada coa cociña profesional na área da hostalaría, pois non podemos esquecer que Baiona é un concello turístico de primeiro orde que mantén unha oferta de restauración importante, que cada vez esixe unha man de obra máis formada e especializada.

Cree que os programas de formación e emprego poden continuar sendo un medio de inserción laboral importante neste momento de crise económica?

Desde logo que si, pero estes programas teñen que adecuarse aos cambios estruturais que necesariamente teñen que darse no sistema productivo do país, todos os indicadores económicos manifestan a necesidade de superar o modelo productivo baseado na construción como unha das forzas impulsoras e desenvolver propostas relacionadas coa Investigación e Desenvolvemento, como moi ben subliñan os profesores Juan J. Ares Fernández e Pedro María Rey Suárez da Universidade de Santiago de Compostela no seu artigo “O mercado de traballo galego dende a entrada en Europa” publicado na Revista Galega de Economía, vol. 17, núm. extraordinario (2008), pp. 263-282. prodúcese unha diminución paulatina na EPA de traballadores/as de sectores como o da construción que debe ser paliada coa nova formación e reciclaxe de ditos traballadores/as. De acordo coa teoría económica, unha das primeiras consecuencias dunha mellor formación dos traballadores, da adquisición dun maior capital humano, sería un aumento da súa produtividade, á vez que tamén sería previsible un incremento dos seus salarios como consecuencia da mellora de posición dentro do mercado laboral que esa formación debería facilitarlles.

Que diferenza existe entre este modelo de formación doutros sistemas?

O modelo de formación dos EOs e OEs é un modelo que ten vantaxes e inconvenientes; se temos en conta que moitas veces a finalidade dos obradoiros é a execución da propia obra a realizar e a superación do propio itinerario formativo podémonos atopar con carencias importantes no alumnado, problemas como a adecuación do mesmo ao programa, que a veces non se detectan no propio momento da selección do mesmo, ben porque pasan desapercibidos nese intre ou porque sería aconsellable algunha mellora no sistema de selección no que se xulgaran conxuntamente as aptitudes e habilidades técnicas, as competencias brandas e a aptitudes sociais de cara a futura insertabilidade dos/as candidatos/as.

Como valora a formación das EO/OE do Concello?

De xeito positivo, sempre e cando teñamos unha adecuación dos certificados de profesionalidade ao mercado de traballo, posto que este é un “tema aberto” pola nova configuración dos mesmos. Estamos nun período de espera para unha vez aprobados facer unha valoración respecto na súa aplicación nos EOs e OEs respectivamente.

Como cree que afecta a crise ás expectativas de traballo nas especialidades nas que se forman os alumnos?

A crise afecta as especialidades programadas na medida en que non se produza inserción laboral ao remate da formación. Debemos pois, mellorar a programación das mesmas, na medida do posible, para garantir unha adecuación dos postos de traballo (sen descoidar as posibilidades de autoemprego) ofertados e os demandantes inscritos no SPE.

Perspectiva de futuro dos alumnos do Obradoiro de Emprego Nigrán II

Coloquio co alumnado do obradoiro de emprego de Nigrán II, sobre as especialidades nas que traballaron e como abordar o futuro despóis da formación recibida.



De esq. a dereita os alumnos: Amelia, José Manuel, M^a Inés

UPD: En canto á formación que estades recibindo aquí no obradoiro a nivel teórico e práctico, credes que é a adecuada?

Amelia: Eu penso que si, aprendín moitísimo de carpintería, gústame moito. Tamén temos moita teoría, non só é estar no taller, hai que ver planos, elaborar orzamentos, facer desglose de madeiras...

Ata agora sempre traballara en hostalaría por non ter estudos ou máis ben escasos, así que aprendín carpintería desde cero. Elixín esta especialidade por que me daba a impresión de que para unha muller tería máis saída.

José Manuel: Eu tamén estou contento. Fixen traballos de albanel, de pintor..., como estás en varios sitios..., o bonito é se che gusta, se non che gusta non lle pos interese e entón non fas nada.

M^a Inés: Eu o mesmo, estou moi contenta tamén por que si que aprendín moito, non sabía nada e ademais tíñalle pánico á corrente, agora encántame, aínda que me gusta máis a fontanaría, pero me defendo moi ben nas dúas. Teoría se que temos moitísima, e práctica tamén tivemos bastante, agora en teoría estamos preparando o exame de fontanaría, que é bastante complicado pero levámolo máis ou menos ben, a ver como sae.

UPD: Esa formación da que estamos falando, dis que é boa, pero se axusta ao que credes que demandan nesa profesión para exercela logo no mundo laboral?

Amelia: Eu penso que si, para ser un técnico en carpintería non, pero para empezar desde peón creo que si. Fixemos as cerchas para o tellado, vigas corridas e montámolo todo, e igual non tes toda a maquinaria que hai nun taller de verdade. Todo iso transportámolo á obra e colocámolo, a verdade é que... somos once mulleres, un mozo e o profesor, e eu polo menos síntome moi orgullosa do traballo.

Jose Manuel: Eu o que estiven facendo aquí da pedra nunca o fixera, e agora está aí para velo.



M^a Inés: No meu caso igual, creo que saímos preparadas para traballar.

UPD: No teu caso, xa que estamos falando de enerxía alternativa, renovable e demais, que vantaxes cres que ten traballar con estas enerxías?

M^a Inés: Vantaxes moitas, o malo é que aquí de momento non se aplica demasiado, a xente tense que concienciar e así sairá adiante.

UPD: Cres que as mulleres poden chegar cousas que os homes non chegarían a un traballo, ou cres que é indiferente o traballo e pódoo desempeñar xa sexa de albanelaría, carpintaría...?

Amelia: En carpintaría si, as mulleres somos coidadosas ao traballar a madeira, colocar, transportar, nese sentido somos máis meticolosas.

UPD: Á hora de buscar traballo pensades no traballo autónomo ou preferides traballar contratados?

M^a Inés: Creo que sería mellor empezar contratados por que vas soltándote máis, vas aprendendo, por que aínda quédanche cousas que necesitas saber para desenvolverte mellor.

Amelia: Non creo que nun ano esteamos preparados para ser autónomos, por que quédanche moitas cousas por



Cerchas e interior da rehabilitación da Casa das Nenas

aprender, non é o mesmo ter unha guía ou un profesor que vaiate dicindo como facer.

José Manuel: Tes que ter aquela cantidade de diñeiro para poder empezar e o primeiro ano... se te metes nunha empresa e tal como está a cousa vai mal, que fas?. O lóxico é o que di ela, ir a traballar a unha empresa.

UPD: Que valoración poderíades facer do obradoiro en xeral e que mellorariades? A formación, a obra, as clases, a formación que tedes complementaria, habería algo que se poida cambiar?

M^a Inés: En xeral ben, estou contenta, aínda que me gustaría que durara un pouquiño máis de tempo.

José Manuel: Eu tamén estou contento.

Amelia: Igual que eu, só creo que fai falta máis espazo en carpintería e un pouquiño máis de maquinaria non viría mal. Ás veces tésteas que enxeñar para poder sacar un traballo adiante, e quizais un pouquiño máis de práctica ou que durará un pouquiño máis isto.

UPD: Se tivésedes que montar outro obradoiro cal credes que agora podería ter máis saída?

Amelia: En xardinaría xa houbo pola zona, de cantería tamén é moi bonito. Se cadra de mecánica estaría ben.

José Manuel: A min tamén me gusta moito a mecánica.

M^a Inés: De pintura tamén estaría moi ben e é interesante e tamén ten saída.

UPD: Ademais tivestes formación complementaria: sensibilización ambiental, igualdade entre homes e mulleres, iniciación á informática, planificación de riscos laborais. Credes que é adecuada toda esa formación, que a duración tamén, que os contidos que traballades son adecuados?

José Manuel: Si porque eu co computador na miña vida, nunca me chamou a atención, e tampouco podía, se tiñas que traballar non podías estar no computador.

Amelia: Eu xa fixera o curso de empregada de oficina e xa me defendía. Co curso de riscos laborais, á hora de que un empresario contrátete, se o tes, vaite a coller a ti mellor que a outra persoa que o teña que facer despois.

UPD: Tedes tamén outra formación que vos dan técnicas para buscar emprego, orientación laboral. Estavos a axudar?

M^a Inés: Non sei se nos axuda ou nos desanima. Ás veces creo que nos desanima máis porque en principio as expectativas que tiñas..., faste ilusións de saír de aquí con traballo pensando que ía haber entrevistas e de todo e de momento entrevistas non houbo ningunha. Aquí no centro estanse movendo pero claro se non hai respostas, se hai crise, se están despedindo xente, o obradoiro coinci-

diu nunha época mala. E por máis que entres nas páxinas e mandes os curriculums, axúdenche a preparalo e mándenchos desde o centro, porque o mandaron á Cooperativa de empresarios e todos os da zona relacionados co sector que estamos dando, pero claro non temos resposta de momento.

UPD: Para terminar, que valoración me fariades vós de cada un dos obradoiros?

Amelia: A miña valoración é positiva. Eu creo que moi boa para o profesorado, coa dirección moi ben, cos compañeiros tamén, atópome a gusto. O profesor é moi esixente pero tamén sabe recoñecerse se o fas ben ou non, e está moi pendente de axudarnos, o único é o non ter, polo menos, unha entrevista de traballo.

M^a Inés: Eu tamén moi boa, moi contenta, co profesorado, os compañeiros, moi contenta co traballo, con pena de marchar de aquí.

Amelia: A verdade é que os profesores entre eles moi ben, fálanse para organizar o traballo, para poder desenvolver o traballo a tempo e de non estar estorbándonos, nese sentido moi ben.

José Manuel: Eu tamén ben, estou moi satisfeito.

UPD: E tedes enerxía para buscar traballo, estades preparados para enfrontarvos ao mundo laboral?

José Manuel: Si e con ganas, hai que intentalo.

UPD: Credes que vos quedades como estabades ou tedes algo máis do que tiñades. Tedes máis formación dun oficio que antes para poder buscar?

Amelia: A algunhas compañeiras preguntáslles se irían traballar en carpintería e se cadra algunha dite que igual non, eu si, eu atópome capacitada para traballar. Para traballar como autónoma non, non che dá tempo nun ano de aprender todo, ademais non tes maquinaria.

M^a Inés: E fáltanche aínda cousas por aprender, por que parece que non pero co tempo vas aprendendo máis cousas. Non podemos dicir que saímos de aquí especializados no tema, pero si para traballar nunha empresa e seguir formándonos.

TRABALLANDO POLO FUTURO!!

M^a del Carmen Vidal Paz
DIRECTORA OBRADOIRO EMPREGO A ESTRADA VI

O 30 de xuño do ano 2008 o Concello da Estrada promove que o Obradoiro de Emprego a Estrada VI comece a súa andaina.



Colocación dos paneis solares

No concello cóntase con 54 antigas escolas unitarias, das cales cinco forman parte do noso proxecto; escolas que unha vez rehabilitadas pasarán a ser centros sociais e rural-centros con acceso a internet. O núcleo de interese

do proxecto, polo seu carácter innovador, é a instalación de paneis solares térmicos no campo de fútbol e no pavillón polideportivo. O uso destas enerxías alternativas é o camiño a seguir no presente e no futuro debido á importancia do aforro enerxético, a sostibilidade natural que fai que esta formación sexa moi valorada. Todo elo, tanto a nivel persoal polos alumnos (xa que non hai antecedente deste tipo de formación na Estrada), como nas empresas interesadas na contratación de empregados formados nestes recursos. Estas instalacións foron desde o comezo o centro de interese do noso proxecto.

O alumnado está composto por un 89% mulleres desempregadas, con escasa experiencia laboral, e nalgún caso

con dificultades de integración social. Con este perfil abordabamos unha tarefa que non se podía cualificar de sinxela, non ía ser doado ao tratarse dun entorno rural, con costumes e prexuízos moi arraigados cando se trata de oficios tradicionalmente masculinos.



Nas escolas interveñen os tres módulos: Albanelaría, coas rehabilitacións da cuberta, tabiques, alicatado, solado...etc. Electricidade con modernización de instalacións eléctricas e de saneamento, dotando a todas elas de aseos de discapacitados. Carpintaría, tan demandado, ao tratarse A Estrada da capital do moble, realiza mobiliario básico, xanelas, mesas, estantes...etc.

A formación que se imparte no seo do noso proxecto ten un carácter eminentemente práctico, intentando responder a unha formación integral do alumnado traballador, a través do coñecemento do oficio, tendo por obxectivos a adquisición das prácticas habituais, unha formación teórica, destinada a completar o traballo de obradoiros, e outra denominada complementaria, que

neste obradoiro se está a levar a cabo coas materias de graduado escolar, sensibilización en igualdade de xénero, sensibilización medio ambiental, iniciación á informática e técnicas de busca de emprego e xestión empresarial.

Cando rematamos a primeira Escola Unitaria, a emoción que sentían era indescribible, non daban crédito ao que foran capaces de facer. O sentimento inicial de inseguridade e medo transformouse nunha sensación de valía, autonomía, superación, responsabilidade, entusiasmo e autoestima. Algo que me sorprende moitísimo é, en xeral, a grande motivación que conseguimos recuperando edificios e elementos que senten moi próximos e que forman parte da súa infancia.



A un mes do remate do Obradoiro con sentimento de tristura, e cun alto grao de satisfacción o noso reto é conseguir a corto e medio prazo incorporación ao mundo laboral e afianzar a autonomía e seguridade que ao longo deste proxecto adquiriron.

INICIATIVAS EMPRESARIAIS INNOVADORAS: TECNOLOXÍA E RESPECTO POLO MEDIO AMBIENTE

Patricia Osuna
Xerenta da empresa “Bebés Naturales”

A empresa “Bebés Naturales”, de Patricia Osuna, dedícase á venda e distribución de produtos ecolóxicos infantís, ademais de limpeza ecolóxica, hixiene feminina, materiais ecolóxicos e unha ampla variedade de artigos ecolóxicos para bebés, nenos e fogar. É innovadora tanto no tipo de produtos como na súa distribución, principalmente a través da súa web www.bebesnaturales.com, en internet, aínda que ten a súa sede en Vigo para o público máis tradicional.

Como xurdiu a idea?

Pois case poderíamos dicir que por casualidade. Fai catro anos tras o nacemento da miña segunda filla, tivo un grave problema de reacción alérxica aos cueiros desbotables, buscando todo tipo de alternativas decidín probar con cueiros lavables, pero non quería o de sempre, o de gasa, senón que buscaba algo máis novidoso, así descu-

brín que noutros países (EEUU, UK) facía xa algúns anos que usaban uns modernos cueiros lavables, con todas as vantaxes dos desbotables e sen os inconvenientes que estes presentan, por iso decidín probalos e nuns días xa empecei a notar unha melloría de forma asombrosa.

Pouco despois animada polo meu fillo maior, David, decidimos traer nós mesmos os cueiros do estranxeiro e

vendelos aquí xa que a xente me preguntaba constantemente onde os conseguira, e foi desa maneira como pouco a pouco xurdiu “Bebés Naturales” como empresa. Nun principio empezamos cunha pequena páxina web, onde novamente tivo vital importancia David, que desde entón foi o noso deseñador, e encargado de publicidade e marketing.



Patricia Osuna

En que consiste a túa innovación?

A innovación de “Bebés Naturales” podemos dicir que se desglosa en dúas vertentes. Por un lado, a de ofrecer produtos difíciles de atopar hoxe en día no noso mercado nacional. Tendo en conta que a maior parte dos nosos produtos proceden de países tan diversos como Finlandia, Xapón, India, EEUU, UK, Alemania... e que non sempre están ao alcance do cliente final no noso país, ademais de poder atopalos nunha mesma tenda. E por

outro lado o modo en que ofrecemos e facemos chegar os nosos produtos a un público amplísimo, sen restricións xeográficas, horarias... ofrecendo á vez un servizo de calidade, a bo prezo e con o asesoramento que podemos atopar nunha tenda de toda a vida.

Cales son os obxectivos?

Ademais da venda ao público e distribución a outras tendas, tamén pretendemos ser un punto de referencia en temas relacionados coa crianza natural: conceptos como a lactación prolongada, coleito, porteo... son fundamentais baixo o noso punto de vista a hora de ofrecer aos nosos fillos unha crianza baseada no respecto mutuo e o máximo cariño. Por parte da sociedade actual é difícil atopar o apoio se queremos, por exemplo, compartir cama cos nosos fillos, aleitalos mais alá dos 3 primeiros meses de vida

(a OMS recomenda a lactación materna como alimento principal un mínimo de 2 anos) e se mencionamos o uso dos cueiros lavables, practicamente se nos mira como a bechos raros, aínda que afortunadamente este concepto está empezando a cambiar pouco a pouco, por desgraza aínda moita xente relaciona o uso de cueiros lavables cunha abnegada ama de fogar lavándoos no río a man, con persoas con escasos recursos económicos ou sen cultura e nada mais lonxe da realidade. Tratamos de des-

mitificar todas esas crenzas. A maior parte dos nosos clientes teñen un nivel cultural medio/alto e incluso hai xente bastante coñecida no mundo artístico que non te imaxinarías nunca que usan cueiros lavables cos seus fillos.

Qué produtos ofrecedes?

Ademais dos cueiros lavables, que son o noso punto forte, abarcamos unha ampla gama de produtos ecolóxicos dirixidos a bebés e nenos hasta 11 anos como roupa ecolóxica, calzado, berces coleito... Fomos ampliando

“Bebés Naturales” comezou a súa andadura exclusivamente a través da rede

paulatinamente a nosa oferta con novas seccións como limpeza ecolóxica, artigos para a lactación, hixiene feminina destacando a Mooncup, unha copa vaxinal reutilizable de material hipoalérxico, materiais ecolóxicos como a carabuña de cereixa, cáscara de espelta e de millo miúdo, tecidos e las orgánicas, portabebés tradicionais, artigos para fieltro, en definitiva englobamos unha grande variedade de artigos ecolóxicos e para bebé difíciles de atopar hoxe en días e cunha demanda cada vez mais forte.

A quen vai dirixida esa oferta?

Nestes intres temos unha clientela moi variada, tanto familias interesadas en coidar do medio ambiente, como outras con problemas de pel que buscan os materiais mais

naturais posibles. Tamén ofrecemos os nosos produtos a todo tipo de tendas interesadas en distribuílos.

Como se consegue obter a confianza dos clientes?

Basicamente ofrecendo produtos de calidade a bo prezo. Xa desbotamos a idea de produto eco = produto caro. Por outro lado, a xente está cada día mais concienciada da importancia que ten o consumo de produtos ecolóxicos. Por exemplo, a roupa que levamos pode incluso afectar-nos a nosa saúde. Recentemente publicáronse estudos

que relacionan os químicos empregados no proceso de elaboración e tinguidura do algodón coa asma infantil.

En “Bebés Naturales” os nosos clientes teñen a seguridade de que van levar produtos nos que se coidou a súa elaboración dende o momento mesmo no que se sementa a primeira semente, literalmente falando, ata o momento no que o produto final chega ao consumidor, pasando todo o proceso de fabricación por estritos controles de calidade.

Que medio de distribución utilizas e por qué internet?

O contrario de moitas das empresas de hoxe en día que comezan cunha tenda física e incorporan despois a páxina web como algo complementario a esta, “Bebés Naturales” comezou a súa andadura exclusivamente a través da rede. Ben é certo que na actualidade tamén contamos coa tenda física, pero segue sendo o primeiro

o seu punto mais forte de distribución tanto a nivel particular como para empresas e tendas que adquiren os artigos para a revenda.

Internet ofrece un escaparate aberto as 24 horas do día, e os nosos clientes teñen a oportunidade de elixir os produtos que necesiten sen a presión dun vendedor, sen depender dun horario comercial e sen esperar colas, coa

moi útiles sobre cueiros lavables, coleito, etc., sendo os creadores da páxina web enteiramente dedicada a informar sobre os cueiros lavables: www.pañalesdetela.net.

Tamén contamos con mais de 40 axentes e puntos de venda en toda España, nos que atopar os nosos produtos ou recibir asesoramento gratuito e persoalmente.

Existe competencia aquí en Vigo?

Hai poucas empresas como nós non só en Vigo, senón en toda España, que engloben un catálogo tan amplo de produtos destinados a puericultura como o que ofrecemos en “Bebés Naturales”.

En Vigo esta oferta está practicamente representada por “Bebés Naturales” e “A Raiña Verde”, e, aínda que parece raro, soubemos transformar esa posible rivalidade nunha constante colaboración, xa que, nin utilizamos o mesmo sistema de venda, nin coincidimos na nosa oferta final en moitos dos casos, polo que consideramos absurdo manter unha competencia feroz. Do que se trata, en definitiva, é de conseguir un mesmo obxectivo e é que este tipo de produto teña cada día mais presenza nos nosos fogares, polo tanto a competencia non é un inconveniente, senón mais ben un apoio para normalizar o uso destes artigos.

Cal foi a axuda mais importante que recibiches?

Si che son sincera, a do meu fillo David, que non só aportou a idea inicial e o apoio loxístico, senón que constan-

Moitas empresas fabricantes colaboran en obras sociais en países do terceiro mundo

comodidade engadida de recibir a compra no seu domicilio, contamos cun servizo post venda de calidade. Os clientes, poden, por exemplo, ir facendo a compra en diferentes días e confirmala no momento en que desexen, sen temor a perder a súa lista da compra e tendo un tempo para recapacitar. Este medio permite, ademais, chegar a un público mais amplo e variado, mostrando o catálogo de produtos sen límite, sen o *handicap* do espazo que supón ter un local mais ou menos grande.

A través da rede salvamos totalmente as distancias xeográficas, achegando uns produtos que sendo xa difíciles de atopar en grandes cidades como Madrid ou Barcelona, resultaría practicamente imposible atopalos de outro modo en pequenos núcleos de poboación, resultando, en definitiva, un medio mais rápido, sinxelo, e eficaz, capaz de ofertar un produto de calidade aproveitando as vantaxes das novas tecnoloxías, ademais de ofrecer asesoramento gratuito sobre os produtos mais convenientes segundo as necesidades de cada familia, con contidos

temente aporta ideas para mellorar a nosa web, o deseño da nosa publicidade ou a incorporación de novos artigos. A nivel económico, ao inicio da actividade, solicitamos algunha axuda en forma de subvención da Xunta, se ben resulta, aparte de escasa, tardía no seu pago.

E o principal obstáculo para crear o negocio?

No seu día o mais desesperante foi conseguir a autorización de operador intracomunitario. Por unha banda esixíanos unha demostración de que a empresa estaba funcionando, pero non podía poñerse en funcionamento se non tiñamos esa autorización para poder comprar mercadoría. É un trámite bastante tedioso e lento, aparte de que durante o tempo que dura o trámite (en ocasións varios meses) hai que manter economicamente a empresa a flote. Deberían utilizar algunha forma máis áxil de solucionar este trámite.

Por que produtos ecolóxicos?

Cada día estamos máis concienciados en que hai que coidar o medio que nos rodea. Isto inflúe positivamente na nosa calidade de vida, e por suposto na nosa saúde. Coa roupa ecolóxica, por exemplo, asegurámonos de que o tecido que vai en contacto coa pel dos nosos fillos, non fora sometido a ningún proceso químico durante a súa elaboración, coidando o material dende o mesmo momento en que se cultiva, e facendo ese cultivo sen ningún tipo de químicos nin pesticidas.

O algodón convencional, ademais de sufrir este tipo de engadidos químicos, é sometido a un branqueo con lixivias industriais previo a súa tinguidura e é tratado con formaldehídos para que se fixen as cores. Na roupa ecolóxica o algodón que vestimos é tan natural como sae da planta, e no caso de utilizar tinguiduras, estas son de baixo impacto medioambiental. Ademais, hai que ter en conta o factor social, e é que a practica totalidade das prendas que se ofertan están elaboradas baixo estritas normas de comercio xusto. Moitas empresas fabricantes, ademais, colaboran en obras sociais en países do terceiro mundo, ben directamente, por exemplo “Frugi”, empresa británica que ten a súa factoría na India e que mentres emprega aos pais e nais nos seus talleres facilita que os seus fillos asistan a escola construída nas súas instalacións; ou ben indirectamente,



Patricia Osuna

mediante doazóns económicas sobre unha porcentaxe das súas vendas.

Por outra banda, tamén se considera, no caso dos cueiros lavables, a cantidade de residuos que xeran os desbotables (entre 6.000 y 7.000 unidades por cada bebé), sendo ademais que nin se pode reciclar, nin se degrada facilmente, tardando 500 anos en desaparecer. A modo de exemplo anecdótico soemos contar que si Critobal Colón utilizase cueiros desbotables, aínda poderíamos atopalos por aí. Isto resúmese en millóns de cueiros que enchen os vertedoiros, ademais de supoñer 5 árbores menos por cada neno e moitos recursos naturais consumidos na súa elaboración. Noutros países, como Reino Unido, déronse conta deste factor ambiental, e existen subvencións municipais encamiñadas a compra de cueiros lavables, xa que resulta máis económico ofrecer estas axudas que aumentar o gasto en recollida e tratamento de lixo. Incluso están exentos de IVE para fomentar a súa compra. En España non so están gravados, senón que se considera unha prenda de vestir gravada cun 16%. Noutros países, como Noruega, recentemente houbo unha campaña goberamental pola que cada neno recente-

Consideras que os produtos con etiqueta ecolóxica irán a mais?

Por suposto que si. A etiqueta ecolóxica, actúa como un aval do produto orgánico, significa o cumprimento de estritos controis ambientais. Ademais, pode abrir mercados e hasta ter acceso a mellores prezos. Esta certificación crea unha seguridade ao consumidor que cambia os seus hábitos de compra, agradecendo desta maneira todo o esforzo que supón para o produtor conseguir a certificación.

Cal é a situación da túa empresa e dos teus produtos no mercado actual? Como podes manterte ou medrar coa crise?

Actualmente estamos nunha fase de estabilización tras dedicar estes primeiros catro anos de vida a investir no noso proxecto, conseguindo crear da nada unha empresa firme e con garantía de futuro. Se ben a crise se nota en todos os sectores, contamos cunha clientela fiel e unha proxección cada vez maior que fai que cada día aumente o noso número de clientes. Isto débese en gran medida ao noso continuo esforzo por ofrecer produtos ecolóxi-

cos máis innovadores
ao mellor prezo e coa
maior garantía de cali-
dade.

A competencia no é un inconveniente,
senón máis ben un apoio para normalizar o uso
destes artigos

mente nado recibiu un pack de cueiros lavables para concienciar os seus pais da importancia destes artigos.

Que repercusión
teñen os produtos co medio ambiente?

Como xa comentei antes, a fabricación das prendas ecolóxicas contrólase dende o primeiro momento, isto ga-

rante un subsolo libre de filtracións de sustancias químicas procedentes tanto do cultivo como da posterior elaboración das prendas, como sucede co algodón convencional. Outras plantas de crecemento rápido, como o bambú ou o cáñamo, prescinden de pesticidas e abónanse de forma totalmente natural; este ciclo de crecemento rápido significa unha menor utilización de recursos naturais, por exemplo a auga, sendo ademais fibras antibacterianas, moi utilizadas na elaboración dos cueiros. Actualmente a maior parte dos pesticidas utilizados no mundo se destinan no cultivo de algodón convencional, isto pode darnos unha idea da importancia que ten o cultivo ecolóxico.

Cales son os maiores beneficios que che brinda a actividade?

O ser unha actividade totalmente vocacional, saída da propia utilización do produto, o maior beneficio é a satisfacción de estar a traballar en algo no que cres o 100%. “Bebés Naturales” non podería estar nunca en mans de alguén que soamente queira investir cartos e nada mais, senón que hai que estar firmemente convencidos de que o que facemos é o mellor, aínda que supoña, como no noso caso, probar todos e cada un dos novos produtos que nos chegan antes de incluílos no noso catálogo rexeitando a venda de aqueles que non satisfán, ao noso criterio, a calidade 100%. É importante saber que, no meu caso, antes de ser vendedora fun clienta, por iso sei

precisamente poñerme na pel dos nosos clientes en cada momento.

Que consellos darías a aquelas persoas que nestes momentos están pensando en montar un negocio?

Sobre todo que estean realmente convencidos do que queren facer. Como xa dixen. Gran parte do éxito de “Bebés Naturales” radica no convencemento de que a nosa actividade é o que debemos facer. Outro aspecto

moi importante, é que non debemos montar un negocio coa idea de gañar cartos rapidamente. Un negocio é unha carreira de fondo, hai que ir

pasiño a pasión, pouco a pouco, cun bo respaldo económico, sobre todo ao principio, xa que todo negocio ten os seus altos e baixos e nos seus inicios é probable que non sempre cubramos as expectativas creadas, un plan de empresa real con obxectivo pode axudarnos a hora de encauzar os nosos plans. E sobre todo non desanimarse nunca.

Un negocio é unha carreira de fondo

Dar, recibir e compartir o tempo

Na entrevista coas Técnicas da Rede de Bancos de Tempo da MAIV, Verónica, Alejandra e Esther, explicánnos en que consisten os Bancos de Tempo, cales son os seus obxectivos e cales os seus logros.



Alejandra e Verónica. Técnicas da Rede de BdT da MAIV

UPD: En que consiste a iniciativa de Bancos do Tempo?

BdT: Os Bancos do Tempo son un sistema de intercambio de servizos e coñecementos, de carácter permanente, destinado a facilitar ás persoas usuarias a conciliación da súa vida persoal, familiar e laboral. A proposta da MAIV é apoiar a creación dunha Rede de Bancos de Tempo, no seu territorio, co fin de establecer sinerxias de actuación e traballo entre os Bancos de Tempo existentes en cada un dos Concellos adscritos. Igualmente a MAIV asesora os diferentes Concellos na implantación dos Bancos do tempo.

UPD: Os Bancos do Tempo baséanse nalgunha iniciativa europea ou española de conciliación da vida persoal, familiar e laboral?

BdT: Os Bancos de Tempo recoñécense, xunto cos Plans de Programación de Tempo na Cidade, como unha Medida Municipal de Conciliación, regulados pola Lei 2/2007, de 28 de marzo, do Traballo en Igualdade das Mulleres de Galicia. O proxecto de Rede de Bancos de Tempo da MAIV, parte dunha experiencia circunscrita ao Concello de Vigo e integrada no Proxecto Conta con Elas - Iniciativa Comunitaria Equal, que financiou, no ano 2007, a creación de 6 Bancos de Tempo nesta localidade. Este proxecto contou coa experiencia da Asociación Salud y Familia de Barcelona que traballa, dende hai décadas, na xestión de Bancos de Tempo e que coordina a maioría destas iniciativas en España e Portugal.

UPD: Quen promove e financia o proxecto de Bancos do Tempo?

BdT: Os Bancos de Tempo de carácter municipal son financiados pola Consellería de Traballo e Benestar a través subvencións específicas reguladas polo Decreto 182/2008, de 31 de xullo, de 2008, polo que se establece a promoción autonómica das medidas municipais de conciliación. Aos Concellos correspóndelles cofinanciar unha parte dos mesmos. A Rede de Bancos de Tempo, alén da financiación da MAIV, conta co apoio da Consellería de Traballo mediante axudas e subvencións do ano 2008 para o fomento do emprego a través de programas de cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas á local.

UPD: Qué duración ten o proxecto? Cal é o seu ámbito de actuación? A qué área ou concellos dades servizo? Onde estades ubicadas?

BdT: O proxecto de Rede de Bancos de Tempo da Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo ten unha dura-

ción inicial prevista de 13 meses, dende agosto de 2008 ata outubro de 2009, correspondente aos períodos de contratación dos Axentes de Tempo requiridos para o seu desenvolvemento.

O ámbito de actuación do proxecto circunscríbese o territorio da MAIV; prestando servizos de todos e cada un dos concellos asociados que nolo soliciten.

Na actualidade, as Axentes de Tempo da Rede de Bancos de Tempo da Maiv, ubícanse na rúa Elduayen, 36 soto 2, de Vigo (Edificio Asefal).

UPD: Cales son os obxectivos que se perseguen cos Bancos do Tempo?

BdT: Por un lado os obxectivos do Banco de Tempo son:

- Visibilizar os contidos e as dimensións do traballo doméstico e o uso diferencial do tempo entre homes e mulleres.
- Fomentar a resolución das necesidades da vida diaria de forma solidaria, baseándose no tempo como unidade de intercambio independentemente do servizo que se ofrezca ou se reciba.
- Posibilitar a creación dun marco de intercambio na comunidade construindo espazos de convivencia igualitarios.
- Fomentar unha dimensión igualitaria entre homes e mulleres, conciliando a vida laboral, familiar, social e persoal.
- Activar unha rede de solidariedade na propia comunidade, as actitudes positivas entre persoas.
- Detectar e resolver novas necesidades da poboación que xurdan ó abeiro da xestión do Banco de Tempo.

E os obxectivos da Rede de Bancos de Tempo son os seguintes:

- Crear e coordinar unha Rede de Bancos de Tempo no territorio da Mancomunidade de Vigo á que se adscriban os diferentes concellos e cadanseu Banco de Tempo.
- Manter contacto continuado con cada un dos concellos para a implantación do seu propio Banco de Tempo.

- Informar, asesorar e formar a todos os profesionais de cada concello que poñan en marcha un Banco de Tempo.
- Participar de maneira activa na sensibilización do tecido asociativo en cada un dos concellos que poñan en marcha un Banco de Tempo.
- Fomentar o traballo en rede entre asociacións a través de xuntanzas e reunións en cada un dos concellos que poñan en marcha un Banco de Tempo.

- Participar de maneira activa no funcionamento diario de cada un dos Bancos de Tempo que se poñan en marcha.
- Crear un servizo de asesoramento e coordinación de traballo en rede para os concellos en materia de Bancos de Tempo, de carácter continuado.
- Primar a formación das Axentes de Tempo de cara a súa especialización no ámbito dos Bancos de Tempo para continuar co servizo de asesoramento e coordinación proposto anteriormente.



UPD: Como funciona o Banco do Tempo? Se unha persoa estivese interesada neste servizo, que pasos tería que dar para participar?

BdT: A participación nun Banco de Tempo require do interese en participar nesta iniciativa. Xa no Banco de Tempo, haberá unha entrevista entre a persoa interesada e a que fai a xestión, que lle explicará en que consiste o Banco de Tempo, recollerá os seus datos, analizará os servizos que desexe ofertar e demandar, e facilitaralle un talonario de cheques así como un catálogo propio cos servizos que se ofertan e demandan ata ese momento.

- Informar a cada concello de cada unha das subvencións que se publiquen nos boletíns oficiais e relacionadas cos Bancos de Tempo.
- Crear un Grupo de Traballo en Rede a partir do cal cada BdT que se implante en cada concello siga as mesmas liñas de actuación.

A persoa deposita unhas horas de tempo ofertando un servizo que desexa dar e, a cambio, pode solicitar tempo doutras persoas para resolver necesidades e actividades da vida cotiá.

A persoas pode intercambiar todo tipo de actividades como por exemplo:

ASESORAMENTO E ORIENTACIÓN, ATENCIÓN ÁS PERSOAS, COIDADADO DO CORPO E DA SAÚDE, FORMACIÓN, IDIOMAS,

INFORMÁTICA, TAREFAS ADMINISTRATIVAS, TAREFAS DOMÉSTICAS, TEMPO LIBRE E DE OCIO, VARIOS...

A Rede de Bancos de Tempo da MAIV xestionase a través do traballo e colaboración conxunto cos representantes dos Concellos adscritos ao mesmo.

Dende o mes de agosto de 2008 ata a actualidade a liña de traballo seguida se centra en tres aspectos:

Sensibilización:

Campaña de sensibilización a responsables políticos e profesionais dos Concellos, sobre a importancia da implantación de Banco de tempo a través presentacións e reunións, etc.

Campañas de sensibilización á poboación sobre as vantaxes e uso do Banco Municipal Tempo. Para levala a cabo tomamos parte activa en actividades de rúa promovidas polo tecido asociativo coa difusión do proxecto, achegando información persoalmente e a través de trípticos ás persoas e exposición de cartaces informativos.

Formación:

Específica: para os técnicos que se responsabilicen da xestión do Banco Municipal de Tempo mediante obradoiros de posta en marcha e xestión dos mesmos.

Puntual: para a poboación xeral en relación cos intercambios, formas de facelos, tipoloxía, horas solicitadas e ofertadas,...

Asesoramento:

Apoio directo a cada Concello na posta en marcha do Banco Municipal de Tempo e na xestión directa cos usuarios mediante reunións periódicas do grupo de traballo, colaboración en actividades ou eventos puntuais, e asesoramento individualizado para cada axente do tempo. Estudio e planificación das campañas de sensibilización dirixidas ó tecido asociativo.

Estudio e planificación das campañas de sensibilización dirixidas á captación de socios.

Adaptación das ferramentas de traballo a cada un dos Bancos Municipais de Tempo.

UPD: Cal é o perfil de usuarios/ás que tedes na base de datos?

BdT: En tódolos Bancos de Tempo as persoas asociadas teñen ata a data un perfil moi similar: MULLER, MEDIANA IDADE, DESEMPLEADA OU PENSIONISTA.

A Rede de Bancos de Tempo da Maiv funciona con entidades prestadoras do servizo, que neste intre son de ámbito municipal e asociativo (Banco de Tempo de Valadares; Banco Municipal de Tempo de Nigrán; Banco Municipal de Tempo de O Porriño, Banco Municipal de Tempo de Salceda de Caselas.

Segundo a nosa experiencia sobre os Bancos de Tempo que están a funcionar na actualidade no territorio da MAIV e cos cales traballamos o que máis destacamos é que:

A maioría das persoas usuarias residen nas proximidades da ubicación física do Banco de Tempo.

Existen moitos intercambios de carácter grupal, como son saídas a pasear, obradoiros de diferentes temáticas, ...

Algún dos Bancos de Tempo promocionan o intercambio de produtos (Troco), creando deste xeito unha actividade autónoma e desligada do Banco de Tempo, con identidade e características propias.

UPD: A cantas persoas están a dar servizo na área da MAIV?

BdT: Durante este período creáronse e consolidáronse os Bancos de Tempo de:

- Banco de Tempo de Valadares: creado no ano 2007 conta con 110 persoas asociadas.

- Banco de tempo de Nigrán: creado no mes de febreiro de 2009 e conta con 10 persoas asociadas.
- Banco de tempo de Salceda de Caselas: creado no ano 2008 e conta con, aproximadamente, 15 persoas asociadas.
- Banco de Tempo de Porriño: creado no mes de xaneiro de 2009. Aínda está en proceso de implantación e captación de persoas usuarias.

A rede de Bancos de Tempo da MAIV, dende agosto de 2008 ata a actualidade, colaborou con case a totalidade dos Concellos que conforman a MAIV actuando a diferentes niveis:

Información sobre o proxecto de Rede de Bancos de Tempo.

Formación ás técnicos e persoas interesadas na creación dun Banco de Tempo.

Sensibilización á responsables políticos.

Creación, xestión, captación de persoas interesadas, campañas de sensibilización nos concellos de Mos, Porriño, Soutomaior, Salceda de Caselas, Nigrán, Fornelos de Montes, Pazos de Borbén.

Na actualidade se presta asistencia técnica a tódolos concellos que o precisen.

UPD: Que dificultades estades a atopar na súa implementación? Que aspectos se poderían mellorar?

BdT: A dificultade máis salientable coa que nos atopamos á hora de crear unha Rede de Bancos de Tempo nos concellos pertencentes á Mancomunidade de Vigo é a necesaria promoción da creación de Bancos de Tempo e a limitación dos recursos económicos para a súa continuación.

UPD: Cal é a valoración do proxecto?

BdT: Banco de Tempo son dende a súa orixe, un recurso de moi doada creación, xestión e expansión e de notable necesidade xa que como ferramenta permite unha xestión

racional dos recursos económicos das persoas, das necesidades de conciliación da vida familiar e laboral, ou a mesma mellora das relación interpersoais. Por todo isto é unha idea que se debería promover e potenciar non só dende a Administración senón tamén nos eidos familiar, educativo e relacional e que cobra renovado sentido en épocas de crise como a actual.

En canto a valoración do proxecto de Rede de Bancos de Tempo da MAIV temos que dicir que se trata dunha aposta ambiciosa de traballo en rede e apoio a expansión dos Bancos de Tempo no territorio da MAIV que ten confrontado algúns atrancos debido sobre todo a non existencia de BdT en todo o seu territorio (o que esixiu que a tá a data se concentrase o traballo principalmente na promoción e difusión dos BdT) A Rede de BdT da MAIV supón unha aposta pola procura de sinerxias e o intercambio de experiencias entre os diferentes BdT do territorio que é positiva e ao noso entender necesaria se ben precisará dun maior percorrido no tempo.

UPD: Se prevé a continuidade do proxecto?

BdT: Os Bancos de Tempo creados ata agora non teñen data de finalización posto que dependen , única e exclusivamente, das persoas que participan nel.

En canto ao Proxecto de rede de Bancos de Tempo da MAIV poderá ter continuidade centrándose o traballo no mantemento do apoio prestado ós concellos e os seus Bancos de Tempo creando unha plataforma de traballo en rede, as accións de difusión e formación, o apoio a unha maior informatización dos servizos e a utilización do coñecemento e experiencia acumuladas para a promoción de accións de natureza semellante.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
Dirección Xeral de
Promoción do Emprego



**Unidade de Promoción
e Desenvolvemento**
MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO



**MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO**



Fondo Social Europeo